



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Secretaría Nacional
galiza@cig-ensino.gal
Tel: 981576800

Sra. Conselleira de Educación, Universidade e FP.

Desde a CIG Ensino vimos reclamando nas últimas varias mesas sectoriais así como en varios comunicados públicos a necesidade e a obriga de que a Consellaría abra as **negociacións das condicións laborais, educativas e sanitarias do curso 2020/2021** nos centros docentes públicos de Galiza.

Na última Mesa Sectorial celebrada por videoconferencia o director xeral de Educación comunicounos que, tal e como é a obriga da administración, as organizacións sindicais pertencentes á Mesa Sectorial seriamos chamadas a negociar en canto a súa equipa tivese unha proposta que trasladarnos. Transcorridas dúas semanas desde esas declaracións a Consellaría aínda non se moveu e a convocatoria segue sen producirse.

Galiza é neste momento unha excepción no marco estatal. Son maioría as Comunidades Autónomas que comezaron as negociacións para un comezo de curso que ten que poder prepararse coa suficiente antelación por parte da administración, das equipas directivas e do profesorado en xeral, cousa que cada vez pon máis difícil a Consellaría coa continuidade na política de inmovilismo na que se mantén movida por cuestións exclusivamente electorais.

Precisamos falar de diminución de ratios, aumento do profesorado, protocolos nos centros educativos, dotación de material, dispensas, medidas a tomar no caso de rebrotes... En definitiva, preparar o vindeiro curso que, como ben sabe, non é un curso calquera.

Desde un punto de vista profesional mais tamén desde un ámbito social extenso, xa que o inicio de curso afecta a todo o país, non é de recibo que a Consellaría non teña xa unha proposta enriba da Mesa. Co convencemento firme de que o profesorado galego non entendería que a titular da Consellaría se negase a negociar, en nome da CIG-Ensino demando que á maior brevidade posíbel, se convoque Mesa Sectorial para debater todo o relacionado co curso escolar 2020/21.

Reciba un cordial saúdo

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2020.

Xesús Bermello García

Secretario Nacional CIG-Ensino